



Nacida en Maniños (Fene. A Coruña), licenciada en Filoloxía pola Universidade de Compostela e cun Postgrao en Arte Dramática (Teoría e Práctica da Interpretación) na mesma universidade. Narradora oral profesional desde 1994, actriz e escritora. Como narradora oral, foi convidada aos principais festivais e eventos de narración oral nacionais e internacionais. Como actriz, é membro da compañía Berrobambán e participou en varias series e programas da Televisión de Galicia. Como directora de teatro, levou adiante producións tanto para a súa compañía coma para outras. Como dramaturga, recibiu o **Premio Nacional de Literatura Dramática no ano 2023**, o Premio Laudamuco de Textos Teatrais no ano 2022, o **Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil os anos 2006, 2011 e 2018**, foi

Mención do Xurado no III Premio de Teatro Radiofónico do Diario Cultural e finalista do Premio ASSITEJ (Sección española da Asociación Internacional de Teatro para a Infancia e a Xuventude) de Textos de Teatro. Ten **máis de trinta libros publicados** (álbum ilustrado, narrativa, poesía, teatro, ensaio) moitos deles traducidos a varias linguas: inglés, italiano, coreano, turco, alemán, chinés, portugués, catalán, éuscaro... algúns deles premiados e a maioría pensados tamén para a infancia e a xuventude.

(fonte: noga.gal)

**Paula Carballeira:****“Na obra reúnense moitas teimas que teño desde sempre”**

Por X. Fandiño (Diario de Ferrol, 2023)

“Totalmente inesperado” foi para a fenesa Paula Carballeira o Premio Nacional de Literatura Dramática con “As alumnas” (editorial Galaxia), unha obra que o ano pasado xa se levou ás táboas da man de Culturactiva, compañía para a que foi escrita, e que agora, con este galardón, poderá ser traducida a outros idiomas. Este feito supón unha das maiores satisfaccións para a súa autora, é dicir, “a visibilidade deste xénero que adoita quedar un pouco relegado”. Hoxe, ás 19.30 horas, preséntase na Central Librera da rúa Dolores.

A historia que recolle en “As alumnas” tiña na cabeza desde había moito tempo?

Hai moitas ideas que se cruzan na peza e que son unha especie de teimas miñas: a importancia da educación, o papel que lle outorgamos como sociedade, o rol das mulleres neste eido ou os cambios que se produciron nos últimos tempos. Todos estes temas están sempre moi presentes en min e na obra toman una forma moi concreta no tempo e nas personaxes.

Hai referentes reais –o caso de María Barbeito–. Como foi o labor de contextualización da obra?

A obra abrangue desde a II República até finais da ditadura, 1970, que é cando morre María Barbeito, mestra destas dúas alumnas, Elvira Fontao e Rosa Lires, ás que se refire o título. Eu nacín no 72 e tiña referencias directas, por exemplo, da miña nai, pero como estamos a falar



Tertulias Literarias

de antes da Guerra Civil houbo un importante labor de documentación. Con todo iso elaborei un discurso que no referido a María Barbeito non é complicado porque hai obra publicada, pero recrear a época si custa un pouco máis porque, máis alá da figura histórica de Barbeito, o resto son creacións en base ao que eu recollín, o que me foron contando ou o que eu mesma vivín coa miña ollada de nena que, porén, xa non viviu directamente esa época.

3



María Barbeito

Pedagoga. Galicia, A Coruña (1880-1970)

Pioneira na renovación pedagóxica en Galicia e recoñecida polo seu labor asistencial para procurar o benestar social e a educación de menores en colectivos desfavorecidos.

Autoría: Lucía Villar Iglesias. IES Plurilingüe Adormideras
Técnica: Lapis de cores

Como definiría a Barbeito?

Para min fixo un labor revolucinario a nivel pedagóxico. Introduciu unha maneira diferente de entender o ensino e métodos que co paso do tempo se foron instaurando pero que daquela eran pouco menos que revolucionarios: educación mixta, accesible para todas as persoas, alén das clases sociais, que prestase atención a cada persoa e á súa capacidade crítica e creatividade... É un exemplo destas mulleres que caeron no esquecemento coa Guerra Civil. O Comité de Depuración apartouna da vida pública, forzóna a xubilarse e quedou na súa casa, e todo ese traballo cara a fóra quedou silenciado. Aínda resoa algún eco de quen foi, pero moito foise esquecendo, un exemplo do que acontece con moitas mulleres na Historia.

Como foi o trauma para as mulleres que tiveron a oportunidade de coñecer ese ensino e que co golpe de Estado sufriron a involución?

Ese é o tema da obra porque as dúas protagonistas da peza, Elvira e Rosa, representan dous camiños distintos que seguiron posibles alumnas de María Barbeito: unha delas seguiu o ronsel da mestra e adicou a súa vida a continuar con esa maneira de entender o ensino a costa da represión, o exilio... Outra decide ir polo outro camiño: quedar na casa e facer o que se espera dela nesa sociedade que se abriu paso despois da guerra.

Na consecución deste éxito, que papel xogou a súa longa traxectoria como narradora oral?

Totalmente decisivo. Estamos a falar de artes escénicas que beben das doutras. Nesta peza hai momentos en que as personaxes lle falan ao público e aí a narración oral servíume de moito para conectar con el. A miña traxectoria nas artes escénicas, ademais, fai que entenda o xeito de contar a historia de maneira dramática, mesturando referentes. É unha obra contemporánea porque mestura textos informativos con ficción. Esta peza é resultado desa traxectoria; se non a tivese, non sería posible.

<https://www.diariodeferrrol.com/articulo/ferrol/paula-carballeira-na-obra-reunense-moitas-teimas-teno-desde-tempre-4445578>



Paula Carballeira:
«A marabilla do maxisterio é a de crear espírito crítico»
 Por X. F. (La Voz de Galicia, 2023)

A escritora e actriz Paula Carballeira (Fene, 1972), especialista en narración oral, tiña este venres á noite unha cita no concello de Guadalaxara Yunquera de Henares: no Palacio de los Mendoza ía ofrecer unha sesión de contos. Unhas horas antes recibiu a chamada ministerial que lle comunicaba que a súa obra *As alumnas* (Galaxia) fora distinguida co Premio Nacional de Literatura Dramática. «Levei unha sorpresa, unha alegría, unha emoción enormes», confesa. «Non sei moi ben como sairá», engadiu, entre risas, en referencia ao seu compromiso no escenario. A preza premiada ten como protagonistas a Elvira Fontao e Rosa Lires, antigas alumnas da mestra e pedagoga María Barbeito, que se atopan de novo co gallo da morte da súa antiga mestra.



Tertulias Literarias

Como naceu «As alumnas»?

A obra xurde porque unha compañía, Culturactiva, me pediu unha peza que falase da muller e da época franquista. Eu, por circunstancias dese momento, empecei a pensar no importante que era a educación, e comecei a investigar. Coñecía de nome a María Barbeito, pero faltábame saber todo o que fixera no contexto no que se insería: a Segunda República, os avances educativos que se intentaron poñer en marcha daquela, sobre todo no relacionado coas mulleres. A partir de aí, desá documentación, pero sen perder a perspectiva de que era unha obra de teatro, que tiña que ter unha compoñente lúdico, xa que en escena é fundamental xogar coas palabras, coas situacións, pensei claramente en dous personaxes. Non antagónicos, porque pensei que sería bonito ter dúas alumnas amigas, que na vida tomaron diferentes camiños aínda que non antagónicos, porque son alumnas de María Barbeito. Unha sigue, con todas as dificultades, o camiño da mestra, mentres que á outra a vida lévaa por outros lugares. Iso permítenos abrir a visión aos distintos camiños de determinadas mulleres nesa época.

O foco está posto nelas...

Igual que se deixamos de contar contos, se non hai transmisión, eses contos desaparecen, na educación é o mesmo. As alumnas teñen non só esa responsabilidade de transmisión, senón de transformación. Si que me parecía axeitado poñer o foco niso. Neste caso, son dúas alumnas inventadas, teñen a compoñente da ficción, que considero que é moi importante e dá liberdade para a escrita. Se te baseas en personaxes reais está aí a súa biografía, sempre hai a ficción queda máis restrinxida. Crear estas personaxes permitiame falar do que eu quixese da forma que eu quixese, encarnar determinado tipo de camiños en Elvira e Rosa.



María Barbeito e a súa familia

Se te baseas en personaxes reais está aí a súa biografía, sempre hai a ficción queda máis restrinxida. Crear estas personaxes permitiame falar do que eu quixese da forma que eu quixese, encarnar determinado tipo de camiños en Elvira e Rosa.

O xurado destacou da obra premiada que é un eloxio do maxisterio que fomenta a dúbida e persegue o debate.

Efectivamente, si. Creo que a marabilla do maxisterio é a de crear espírito crítico. Dar as ferramentas para que as persoas poidamos defendernos, poidamos cuestionar, poidamos dudar, ter curiosidade. Se cho dan todo feito, se impiden que ti tomes as rendas da túa opinión, estamos nunha vía moi dirixida. Pero creo que o maxisterio ten que abrir camiños e non pechalos.



Tertulias Literarias

Dicia Nuccio Ordine que a autoridade había que conquistala, que non se concede automaticamente.

Efectivamente. Creo que a gran responsabilidade do mestre é que ti sabes máis cousas que a xente que tes ao redor. Entón, o bonito é esa transmisión de saber, que implique que as persoas queiran seguir avanzando no seu camiño, non cortarllo. Cantas veces as alumnas acaban, non superando, que é unha palabra que non me gusta, senón ampliando os coñecementos que recibiron e levándoos por outros lados. Non existiría unha persoa salientable se non tivese unha boa mestra ou mestre.

6



Tamén se destaca da súa peza ese compromiso cun ensino igualitario, entre clases sociais e entre mulleres e homes, no contexto da Segunda República.

Un mal endémico, e non só na nosa sociedade, é o esquecemento. Moitas veces esquecemos todo o que se foi gañando, e tamén todo o que se foi perdendo. Na educación igualitaria, se pensas na Barbeito, ou en xente coma ela, o que dicían daquela de clases sociais, de apertura de oportunidades para mulleres. Había unha amplitude de coñecemento que logo se veu cortado por unha guerra, non hai que esquecelo, todo o que se perdeu aí e que tardamos en recuperar. Hai cousas que damos por feito, que de súpeto se perden, e logo recuperalas, recuperar dereitos, é complicado.

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2023/09/02/span-langgl-marabilla-do-maxisterio-spanspan-langgle-crear-espirito-criticospanspan/0003_202309G2P25992.htm



Tertulias Literarias

Paula Carballeira ten ás súas costas unha longa traxectoria na escrita e das artes escénicas en Galicia, eidos nos que se desenvolve profesionalmente dende 1994. É autora de máis de dúas ducias de libros, entre títulos de literatura infantil e xuvenil e mais teatrais. As alumnas xa fora distinguido, na última edición dos premios Follas Novas, como o mellor texto teatral. Agora suma o Premio Nacional de Literatura Dramática, dotado con 30.000 euros e que convoca o Ministerio de Cultura e Deporte. Carballeira, que xa tivera outros premios como o Manuel María e recoñecementos de certames como o Fiot de Carballo ou a Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, fai parte con este galardón dos autores galegos que tamén acadaron o Premio Nacional de textos teatrais, Manuel Lourenzo en 1997 e Rubén Ruibal no 2007.

7

Que repercusións espera deste premio?

O primeiro no que penso é que así se coñece a obra fóra de Galicia, porque ti ben sabes que escribir en galego, como primeira lingua, ten as súas limitacións para que cheguen as obras fóra. O que espero é que se coñeza, que se escoite falar da obra fóra de Galicia, e non só da obra, senón que, dalgunha maneira, que se saiba que aquí neste recunchiño hai xente escribindo cousas. Porque, se non, parece que non existimos. Eu só espero iso, unha chamada de atención sobre a literatura dramática en Galicia, sobre a escrita en Galicia.

Para saber máis:

[Entrevista con Paula Carballeira en Nós Diario](#)

[Montaxe teatral "As alumnas" de Fina Calleja \(praza.gal\)](#)

[Entrevista con Ana Romero Masiá, biógrafa de María Barbeito \(praza.gal\)](#)

[Libros de Arena en RNE5: "Las alumnas" de Paula Carballeira \(audio\)](#)

[Nota de prensa do Ministerio de Cultura \(Premio Nacional de Literatura Dramática 2023\)](#)



2024-2025